

ACTA 7.: COMISIÓN DE SEGUIMIENTO DO ACORDO DE CONCERTACIÓN DO EMPREGO PÚBLICO DE GALICIA.

XUNTANZA DE SEGUIMIENTO DO CUMPRIMENTO DO ACORDO.

Na dirección xeral da Función Pública do complexo administrativo de San Caetano en Santiago de Compostela reúnense as 12 horas do día 2 de maio de 2019 as persoas que a seguir se sinalan: José María Barreiro Díaz, José Emilio Doforno Guzmán, Delia Irene Martínez Conde, Javier Lareu Rodiño, Lino Díaz Goás, Rubén Plaza Martínez, Víctor Gallego Víncent.

- Aprobáanse as actas 1, 2, 3 e 4 das sesións anteriores.

As actas 5 e 6 quedan pendentes de alegacións das partes para a súa aprobación nunha próxima xuntanza da comisión ou mediante a súa aprobación telemática de ser o caso.

Enviárase ademais borrador acta 7 da xuntanza de hoxe o mais axiña posible.

- Informouse dos seguintes temas:

O número de solicitantes da carreira a día de hoxe, informa o director xeral da Función Pública, ascende a 9305, dos que 7543 son funcionarios e 1762 son persoal laboral (dos actuais 3323 laborais que cumpren os requisitos para ser beneficiarios). Ademais hai 102 peticións de PIN á espera del para poder solicitar a carreira e unhas 300 solicitudes mais con algún tipo de defecto de fondo ou de forma que se están revisando polo persoal da dirección xeral.

Informase que hai en marcha 52 procesos selectivos neste momento que engloba a 1858 prazas.

Entregase copia de respostas ás preguntas mais frecuentes realizadas polo persoal laboral en relación á funcionarización confeccionada en esta dirección xeral e que será publicada proximamente na páxina web da



dirección xeral en canto as OOSS asinantes do acordo de concertación asintan ao seu contido.


Establecerase un cadro comprensivo de todas as categorías do V Con. Col, as escalas en que se transforman, as que se pretende a súa transformación en postos funcionariais e demais situacións que se poidan adoptar ou non en relación ao resto.

- Debátese entre as partes sobre o nivel de retribucións dos postos trala funcionarización dos mesmos e a conveniencia de que estes teñan unhas retribucións brutas que fagan innecesaria, na maior parte dos supostos, o establecemento do complemento persoal de funcionarización.

Remata a sesión as 15:15 horas do día 2 de maio de 2019.

Presidente da Comisión de Seguimento O secretario da Comisión

O director xeral da Función Pública Subdirector xeral de RRXX e RRLL





Asdo.: José María Barreiro Díaz


Víctor Gallego Víncent